



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez
(Letrada da Xunta de Galicia)

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 08/11/2018 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre o recurso de reposición do expediente de clasificación do monte denominado “A Costa” solicitado a favor dos veciños da Iglesia, da parroquia de Sixto (Dozón)

ANTECEDENTES DE FEITO:

- **Primeiro:** Con data de entrada 28 de novembro de 2014, don Jesús Bértolo Dafonte e dona María Del Carmen Penedo Crespo, actuando en calidade de representantes dos veciños do lugar de Iglesia, parroquia do Sixto, Concello de Dozón, presentan solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “ A COSTA ”, como veciñal en man común , acompañando como única documentación un plano topográfico coa identificación do terreo do cal se pide a clasificación.
- **Segundo:** O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, unha vez cumpridos os trámites pertinentes, en sesión de 30/06/2015, incoar o corresponde expediente de clasificación do devandito monte.

- **Terceiro:** De conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 solicita e recíbese informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais con data 12 febreiro de 2016, no que se fai constar, entre outros aspectos relevantes, os seguintes:

Terceiro: (...) Da revisión da documentación aportada ao expediente polos solicitantes, dos solicitantes, dos informes da sección de Topografía e da inspección en campo se deduce a información seguinte:

PARCELA A:

Corresponde coa parcela catastral 36016A00100307 de 3,19 ha. Parcela poboada por masa mixta de carballo e pino de distintas idades e matogueira formada por toxo, xesta, silvas e urces. Bordeada por estrada asfaltada ao sur, leste e oeste e ao norte por unha leira labrada.

No momento da inspección non se aprecian usos diferenciados.

PARCELA B:

Correponde coa parcela catastral 36016A00100308 de 0,25 ha. Parcela residual por trazado de camiños, poboada por toxos, xestas, silvas e algúns pes illados de pino, carballo e bidueiro. Bordeada por estrada asfaltada e camiño sen asfaltar en todos os seus lindes.

No momento da inspección non se aprecian usos diferenciados excepto vertedoiro.

No referido informe de Montes acompáñase anexo fotográfico onde se pode constatar cada unha das afirmacións anteriores.

- **Cuarto:** O Rexistro da Propiedade de Lalín certifica con data 15 de abril de 2016 que o monte solicitado non figura inscrito a nome de persoa algunha.
- **Quinto:** Á vista da documentación aportada polos solicitantes, o Informe do Servizo de Montes, o monte obxecto do presente expediente está formado por dúas parcelas catastrais de forma irregular e separadas por camiño, coa descrición que a continuación se detalla:

Parcela 307 polígono 1

Cabida: 31.880 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Salvador Sobrino Golmar (parcela 444)

Sur: camiño público

Leste: camino público

Oeste: camino público



Parcela 308 polígono 1

Cabida: 2.528 m² aprox (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: camino público

Sur: camiño público

Leste: camino público

Oeste: camino público

- **Sexto :** Con data 19/01/2017 o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra dita resolución pola que se acorda a non clasificación do Monte A Costa por non concorrer os requisitos fixados na Lei de Montes 13/1989 ao non quedar suficientemente acreditado o aproveitamento consuetudinario sobre a parcela por parte dos veciños do Lugar de Eirexa, parroquia do Sixto, Concello de Dozón.
- **Sétimo :** Contra a citada resolución, e con data 24/01/2017, interpúxose recurso de reposición achegando como documentación multitude de declaracións xuradas dos veciños do lugar correctamente identificados mediante fotocopia de DNI.
- **Oitavo :** A estes feitos son de aplicación os seguintes fundamentos de dereito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Iº).- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para coñecer e resolver os recursos de reposición que se interpoñan fronte as súas resolucións de acordo co preceptuado no artigo 123 e 124 da Lei 39/15, así como no artigo 12 da Lei 13/1989.

IIº).- Procede admitir o recurso de reposición interposto de contrario por concorrer os requisitos fixados no artigo 124 da mentada Lei 39/15, de 1 de outubro.

IIIº).- En primeiro lugar, e aos efectos de esclarecer si procede ou no a estimación do presente recurso de reposición, debe traerse a colación o disposto no artigo 1 do referido texto normativo, o artigo 1 do Decreto 240/1992 de 4 de setembro e o artigo 20 da nova Lei de Montes de Galicia, 7/2012 de 28 de xuño, segundo os cales comprende por monte veciñal en man común:

Artículo 1.

Son montes vecinales en mano común y se registrarán por esta Ley los que, con independencia de su origen, sus posibilidades productivas, su aprovechamiento actual y su vocación agraria, pertenezcan a agrupaciones vecinales en su calidad de grupos sociales y no como entidades administrativas, y se vengán aprovechando consuetudinariamente en régimen de comunidad sin asignación de cuotas por los miembros de aquellas en su condición de vecinos.

Así pois, de acordo coa propia dicción literal deste artigo e a prolixa xurisprudencia existente na materia, o feito que determina a clasificación ou non como veciñal do monte en cuestión é a circunstancia de terse acreditado de forma sólida e fehaciente o aproveitamento consuetudinario en man común pola agrupación veciñal, ao marxe das cuestión relativas á titularidade dominical e demais dereitos reais.

Extrapolando o concepto e esixencias que se condensan na normativa analizada ao caso concreto, e tomando en consideración as observacións que se condensaban no informe emitido polo Servizo de Montes e Industrias Forestais relativas ao aproveitamento e uso actual do montes, o Xurado de Montes entendeu no seu momento que non quedaba acreditado de xeito suficiente o aproveitamento consuetudinario con carácter exclusivo sobre as parcelas respecto das cales se solicita a clasificación, sobre todo porque concurría unha total orfandade probatoria sobre tal extremo.

Non obstante, tal conclusión debe verse alterada en este momento ao terse aportado co recurso de reposición a declaración xurada de múltiples veciños do lugar dando conta do esixido aproveitamento consuetudinario, declaracións que en outros expedientes de clasificación devenían insuficientes pola concorrencia de litixios entre comunidades e reivindicación por parte de diferentes veciños sobre unha mesma parcela.

Non obstante, no presente suposto a solicitude de clasificación sobre o Monte A Costa é pacífica, non hai alegacións en contra por parte de posibles e potenciais interesados, e, tampouco o informe do Servizo de Montes exclúe de forma radical este aproveitamento comunal, sinalando simplemente que no momento da inspección non se aprecian “usos diferenciados”.

En definitiva, este Xurado considera que unha vez valoradas en conxunto todas as circunstancias concorrentes si pode considerarse acreditado o uso e aproveitamento



consuetudinario sobre a parcela de referencia, sen prexuízo de que fora desexable a aportación de algunha factura sobre corta de leña ou documento similar para un maior reforzo probatorio.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de Setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, o **Xurado** por unanimidade dos seus membros **acorda a estimación** do recurso de reposición presentado polos veciños do lugar da Eirexa, parroquia do Sixto, Concello de Dozón sobre o monte A Costa segundo a descrición que do monte se fai no antecedente de feito quinto e a planimetría elaborada ao efecto e que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 c) e 123-2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

577000

577250

577500

577750

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Monte "A Costa"

Veciños da Eirexa

Concello de Dozón

Escala: 1:2.500
ETRS-89 Fuso 29
Novembro - 2.018

4720500

4720500

4720250

4720250

4720000

4720000

577000

577250

577500

Parcela B: 2.528 m²
36016A001003081

Parcela A: 31.880 m²
36016A00100307

A Eirexa

Requeixo

